

De 50 a 250 e mellorando

A granxa Gayoso Castro cría exemplares destacados de Rubia Galega

Coa adquisición de pouco máis de 50 cabezas arrincou un proxecto común da Deputación de Lugo e a Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega

consiste a colaboración?
Dende 2007, a Deputación de Lugo e a Asociación Nacional de Criadores de Raza Rubia Galega (ACRUGA) manteñen un conve-

quera territorio o que favorece a súa expansión), a súa lonxevidade, docilidade e doado manexo (carácter moi apreciado polos nosos gandeiros), e sobre

mais nun rabaño de élite de alta selección, inmellorable como escaparate da raza.

Que prezo alcanzaron os animais na última poxa celebrada en Castro?

A última poxa na granxa da Deputación celebrouse o pasado 27 de marzo e vendéronse sete xovencas que acadaron un prezo medio de 2.250 euros, similar ao acadado o ano pasado, na primeira poxa celebrada nesta granxa onde se subastaron 11 animais que acadaron un prezo medio de 2.255 euros.

E cal é o obxectivo destas poxas?

O obxectivo das subastas é o fomento e a difusión da raza, xa que deste xeito se pon a disposición dos gandeiros uns animais seleccionados e con máximas garantías.

Cantas explotacións con gando de Raza Rubia Gallega existen na provincia? E na comarca chairega? Arredor de qué porcentaxe supón das existentes en toda Galicia?

En Galicia hai 2.329 explotacións colaboradoras co Libro Xenealóxico da raza Rubia Gallega, das cales tres cuartas partes

cia? E fóra das nosas fronteiras?

Sen dúbida, temos expectativas positivas do futuro da raza, xa que a pesar da crise que estamos a vivir, nos atopamos cunha demanda cada vez maior, tanto dentro como fóra de Galicia. Existen gandeiros interesados en introducir a nosa raza nas súas explotacións gandeiras, froito da mellora acadada nos últimos anos na selección dos animais, sobre todo na facilidade de parto das vacas e nos rendementos da súa produción.

PREZOS DE RÉCORD

Unha vez máis, a excelente calidade xenética e morfolóxica das xovencas preñadas presentadas á Subasta de Pedrafita, celebrada o 5 de abril, xogaron ao seu favor para conseguir unha poxa moi animada con vinte potenciais compradores. Así, os resultados foron estupendos posto que o prezo medio de adxudicación das reses foi de 2.070 euros, superando os 1.900 euros de saída de todos os exemplares presentados e acadando en tres reses o prezo de 2.200 euros. Con estes resultados o prezo medio acadado nas poxas deste ano mantense á alza, superando o rexistrado en 2012, que foi de case 2.000 euros, e tamén por enriba dos prezos medios de 2011 e 2010, situados en 1.943 e 1.931 euros, respectivamente.

CENTRO DE RECRÍA

Deputación e Acruga tamén incrementarán as súas relacións coa próxima construción, tamén na Granxa Gayoso Castro, dunha nave de recría de vacún de carne – o primeiro en España- que acollerá 500 reses. A Deputación Provincial estivo executando, en solitario, 6 millóns de euros neste proxecto, e en 2013 incorpora un novo investimento de 1,35 millóns de euros para seguir avanzando nesta ambiciosa iniciativa que pretende aforrar custes aos gandeiros e que ten previsto xerar un volume de negocio anual de 3 millóns de euros.



A Granxa Gayoso Castro conta cun rabaño de elite composto por xovencas mercadas nas explotacións lucenses.

(ACRUGA) polo ano 2007 que se mantén ata a actualidade co obxectivo de garantir a expansión da raza ao tempo que impulsa o sector e mantén as explotacións e os seus postos de traballo.

O convenio que manteñen a Deputación Provincial e ACRUGA con vixencia ata o 2017 constitúe a única colaboración dun organismo provincial español orientada á promoción e á expansión da raza Rubia Galega. O mesmo, recolle a achega de 150 mil euros ao ano, 25 millóns das antigas pesetas, por parte da Deputación que permiten crear un rabaño de elite coas mellores xovencas dando resposta á grande demanda duns animais altamente cualificados.

Actualmente, son máis de 250 as reses coas que conta o Centro de Recría. E, en menos de tres anos, vendéronse máis de 200 animais a máis de 30 explotacións.

Das condicións e obxectivos do convenio, así coma das características da raza falamos con María Ángeles Moreno, Secretaria Executiva de ACRUGA.

O organismo provincial mantén un convenio con ACRUGA para a promoción da Raza Rubia Gallega, pero en qué

cal é o obxectivo principal de manter un rabaño de élite con animais altamente seleccionados que sirva de escaparate para favorecer o fomento e a difusión desta raza entre todos aqueles interesados.

Cal é o proceso de cría dos animais na granxa Gayoso Castro?

O primeiro é seleccionar os animais tanto dende o punto de vista xenético, como morfolóxico e sanitario. As xatas seleccionadas son adquiridas aos gandeiros de ACRUGA a idade de 8-9 meses e mantéñense na granxa da Deputación onde son empenadas cando alcanzan a idade reprodutiva máis axeitada (16-18 meses de idade). O destino destas xatas é principalmente as explotacións gandeiras interesadas en introducir esta raza nas súas ganderías por primeira vez, así como as poxas públicas organizadas por ACRUGA e a Deputación de Lugo.

Cales son as características da raza? E qué características destacariades entre o rabaño da granxa?

As características da raza en xeral son a súa rusticidade (que a fai facilmente adaptable a cal-

todo a súa facilidade de parto, carácter maternal, e a excelente produción cárnica, tanto nos seus rendementos coma na calidade dos seus produtos obtidos. No caso do rabaño da granxa, as xatas teñen que pasar tres procesos de selección: primeiro unha

Municipio	Explotacións	% Lugo
Abadín	25	1,4
Begonte	11	0,6
Castro de Rei	17	1,0
Cospeito	13	0,7
Guitiriz	29	1,6
Muras	19	1,1
Outeiro de Rei	15	0,8
Pastoriza (A)	14	0,8
Vilalba	58	3,2
Xermade	11	0,6
Comarca	212	11,87
Lugo	1786	
Galicia	2329	

Datos das explotacións de Rubia Galega por concello.

selección xenética (segundo a súa xenealoxía); despois unha selección morfolóxica, na que se busca un morfotipo medio, non aculanado e coas características máis representativas da raza; e, por último, ten que pasar unhas probas sanitarias rigorosas. Todo elo, converte a este grupo de ani-

(o 76,7 %) se atopan na provincia de Lugo. Na comarca chairega atópanse 212 explotacións que representan case o 12 % das explotacións da provincia de Lugo e o 9 % de Galicia.

Como valorades a proxección de futuro desta raza en Gali-

www.pisosgalicia.com/j-roca



Abogados Peritos Agrícolas Tasaciones Inmobiliarias

En Vilalba: Rúa dos Pepes, nº1 - 1º
Telfs.: 982 510 257 / 600 828 720 / 620 901 058

Prevención de Riscos Laborais
Manipulador de Alimentos
Administración e finanzas
Informática e ofimática
Curso de Aptitude Profesional para Transportistas (CAP)

Delegación Lugo
Bispo Rouco Varela, 24 Baixo
Vilalba - 982 52 32 38



www.newtonacademia.es



Agora tamén novas instalacións na ampliación do Polígono Industrial das Sete Pontes, Parcela 32, Vilalba

Xestión Medioambiental
Análise de Puntos Críticos
Deseño Gráfico
Edificación e Obras Públicas

Delegación A Coruña
Sanjurjo de Carricarte, 3 Baixo
O Burgo - 981 90 83 43